

Valdi, Universo de luz

23 de decembro de 2016

O ensoño agromou na realidade
dun Montecubeiro castroverdiano
e deitou a fonte de chafariz limpo,
a que activa a imposibilidade das quimeras
cando a creación xorde da capa freática da verdade,
da proxección acaroadada de agarimo
e a materia vaise esperanzando,
collendo formas do autodidactismo emulxente
expandido como a creación do Universo.

VALDI, UNIVERSO DE LUZ,
na inconcreción da materia.
Valdi, da memoria
e na memoria de toda a historia
negada pola negación interesada.

VALDI, UNIVERSO DE LUZ,
na inconcreción da materia.
Obreiro de lúa chea.
Camioneiro, torneiro, pulidor e pintor arrependido,
resistindo os embates de futuro,
mais es atleta que percorres
polos Soños do Paseo en ás de concordia.
Aí estás, sumíndote entre a néboa plos socalcos do Madalena.
Aí estás, priscilianista xermolando ollos polo manancial de Irimia,
vendo como ve a transparencia da auga, solermiña,
acaroando e lambendo a creación
que te crea e te penetra.

Valdi, creador!. Sempre Valdi!
VALDI, UNIVERSO DE LUZ
na inconcreción da materia.
O solimán das túas obras
vértese en nós
e entramos no veneno que nos dás,
no transporte ao trasmundo da realidade.
Luz creadora do artificio.
Iluminador de utopías.
Todopoderoso escultor e esculcador de verdades
escondidas na materia inconclusa.
Vertebrador no devagar devalando
da hermenéutica da vida.

(Valdi, creador! Sempre Valdi!
VALDI UNIVERSO DE LUZ
na inconcreción da materia)

(Leído polo seu autor en Vilalba, o 17-12-2016 no decurso do nomeamento de Valdi - Xosé Val Díaz-
como CHAIREGO DE HONRA).